

2.1. A RESTAURACIÓN DO ABSOLUTISMO (1814-1820)

Fernando VII, chamado "**o Desexado**", regresou a España en 1814. Os liberais pretendían que o monarca xurase inmediatamente a Constitución de 1812, pero os absolutistas fixeron presión para que restaurase o absolutismo e derogase toda a lexislación liberal das Cortes de Cádiz.


O rei, convencido da debilidade dos liberais, clausurou as Cortes, anulou a Constitución e derogou todas as leis aprobadas durante a guerra. Era a volta ao **Antigo Réxime**. Nos meses seguintes produciuse a restauración do absolutismo e de todas as antigas institucións, incluída a Inquisición, e restableceuse o réxime señorial.

Fernando VII gobernou coma un monarca absoluto durante seis anos. Os liberais foron perseguidos e moitos tiveron que se exiliar para evitaren a **represión**. Co apoio dos sectores máis liberais do exército, os opositores do absolutismo organizaron múltiples **pronunciamientos** (Espoz e Mina en 1814, Porlier en 1815, Lacy e Torrijos en 1817), a maioría dos cales foron reprimidos, e os seus dirixentes ou colaboradores, executados.

2.2. O TRIENIO LIBERAL (1820-1823)

En 1820, o triunfo do pronunciamiento que tivo como protagonista ao **coronel Riego**, en Cabezas de San Juan (Sevilla) inaugurou o Trienio Liberal (1820-1823). O rei viuse obrigado a acatar a **Constitución de 1812**, decretar unha amnistía e convocar eleccións. As novas Cortes, integradas por unha maioría de deputados liberais, restauraron gran parte das reformas impulsadas polas Cortes de Cádiz. Para lle facer fronte á oposición absolutista creouse a **Milicia Nacional**, un corpo de voluntarios armados para defender o réxime liberal.

Este proceso reformista non contaba coa simpatía de Fernando VII, que lles pediu axuda aos soberanos absolutos de Europa. A **Santa Alianza** encargoulle a Francia a intervención militar en España, e, en 1823, os chamados **Cen Mil Fillos de San Luís**, baixo o mando do duque de Angulema, entraron en España, derrotaron os liberais e repuxeron a Fernando VII como monarca absoluto.



Fernando VII recibe o duque de Angulema e os Cen Mil Fillos de San Luís, segundo un gravado da época.

A VOLTA AO ABSOLUTISMO

Declaro que o meu real ánimo non é soamente non xurar nin acceder a dita Constitución nin decreto ningún das Cortes (...) senón o de declarar aquela Constitución e tales decretos nulos e de ningún valor e efecto, agora nin en tempo ningún, como se non pasasen endexamais tales actos e se quitasen do tempo (...) e sen obriga nos meus súbditos de calquera clase e condición a cumprilos e gardalos.

E como o que quixese sostelos (...) atentaría contra as prerrogativas da miña soberanía (...) declaro reo de lesa maxestade a quen tal ousar ou intentar, e que como a tal, se lle impoña a pena de vida (...).

*Manifesto de Fernando VII,
4 de maio de 1814.*

- Que intencións de goberno fai explícitas o rei no seu Manifesto?

SABÍAS QUE...

Un **pronunciamiento** é unha rebelión ou golpe de Estado dunha facción do exército, xeralmente liderada por un alto mando, contra un goberno para derribalo e substituílo por outro. O vocábulo "pronunciamiento" foi exportado por España a outros países e utilízase tamén en francés, italiano e inglés.

A maioría de pronunciamientos do século XIX foron protagonizados por militares liberais, algúns dos cales se incorporaran ao exército ao final da Guerra por seren guerrilleiros ou térense distinguido na loita contra os franceses.

@ Para ampliarse na Rede...

Visualiza en www.tiching.com/53912 o vídeo sobre o Trienio liberal:

- Que feitos provocaron o levantamento de Riego? Cales foron as súas consecuencias?
- Cal foi a actitude do monarca ante a reposición do liberalismo?

2.3. A DÉCADA OMINOSA (1823-1833)

A volta ao absolutismo foi seguida dunha gran represión contra os liberais e da destrución de toda a obra lexislativa do Trienio. O sector máis intransixente dos absolutistas esixíalle máis firmeza ao rei contra o liberalismo e acusaba o monarca de moderado e benévolo. Por todo iso, os liberais cualificaran eses dez anos de ominosos (abominables).

Os gobernos de Fernando VII tiveron que lle facer fronte a unha grave **crise económica** que acabou erosionando a monarquía. A guerra contra os franceses debilitara enormemente a economía e deixara a Facenda en bancarrota. Ademais, a independencia das colonias americanas privou as arcas do Estado dunha importante fonte de ingresos.

Era, xa que logo, imprescindible unha **reforma fiscal** que obrigase os privilexiados a contribuíren cos seus impostos. Pero estes eran os principais defensores do absolutismo e o rei non podía contrariar os seus intereses, xa que precisaba do seu apoio.

A estas dificultades, en 1830, sumóuselles o **conflito dinástico**. Fernando VII tivera só fillas e a **Lei Sálica*** impedía que as mulleres reinasen en España. Para lle garantir o trono á súa filla máis vella, Isabel, o rei ditou a **Pragmática Sanción***, que derogaba a Lei Sálica.

Moitos absolutistas intransixentes, descontentos coa actuación de Fernando VII, non aceptaron o cambio e defenderon que o trono lle correspondía ao príncipe Carlos, irmán do rei e fervente absolutista.

Á morte do monarca, en 1833, estalou unha **guerra civil** entre carlistas e isabelinos. O que estaba en xogo non era se debía gobernar un home ou unha muller, senón se se debía manter o absolutismo ou cederlle o paso a unha monarquía liberal.

SINTETIZA

3. Explica as tres etapas do reinado de Fernando VII. Que caracteriza cada unha delas?

4. Que é un pronunciamento militar? Quen impulsaron a maioría na España do século XIX?

5. Que foron a Lei Sálica e a Pragmática Sanción.



Debuxo humorístico aparecido nun xornal francés en 1833, que pretende amosar a situación en España á morte de Fernando VII.

1. Identifica os personaxes que aparecen na escena. Que sostén a nena? Cal é a actitude da nai?
2. Quen pretende derribar o cetro de Isabel? Quen están interesados en sostelo? Que imaxe agoira o conflito armado?

AS ASPIRACIÓNS DO PRÍNCIPE CARLOS

Despois de recibir onte oficialmente a infausta noticia de ter sido Deus servido de chamar para si a alma do meu moi amado irmán o señor don Fernando VII, DECLARO: que por falta de fillo varón que lle suceda no trono son o seu lexítimo herdeiro e rei. (...) Comunicollo ao Consello para que proceda ao seu recoñecemento e expida as ordes convenientes, para que así se execute en todo o meu reino.

Decreto do pretendente don Carlos, 4 de outubro de 1833.

- Que pretende este manifesto? Que consecuencias se derivaron del?

@ Para saberes máis sobre o pretendente don Carlos: www.tiching.com/53914

OS MONARCAS E PRETENDENTES CARLISTAS DO SÉCULO XIX

